

# A normalización lingüística centrará o curso de verán de Nova Escola Galega

**A edición deste ano, a sétima, terá lugar no Concello de Fene do 5 ao 8 do mes de setembro**

Dende hai sete anos, o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega abre un espazo para o debate e a análise de temas relacionados co ámbito educativo coa celebración da Escola de Verán de Ferrolterra. Nesta ocasión, Fene acollerá unha cita que profundizará na situación da normalización lingüística.

REDACCIÓN • FERROL

Destacados expertos na materia así como representantes do goberno galego relacionados dun xeito máis directo co tema a tratar configurarán o cartel dunha iniciativa dirixida a todo o profesorado de ensino non universitario da comunidade galega e que cada ano ten lugar nun concello diferente da comarca de Ferrolterra. Tras pasar por Ortigueira, Cedeira, Ferrol ou Narón, o municipio fenés recolle este ano o testigo para converterse na sede dunha actividade que se desenvolverá durante as tardes –de catro a nove– do 5, 6 e 7 de setembro e a mañá do venres 8.

As TICs (Tecnoloxías da Información e da Comunicación), as achegas sociolingüísticas, a exposición de experiencias normalizadoras levadas a cabo por docentes nas diferentes etapas educativas, así como os xogos populares ou o contexto legal da normalización lingüística, serán algúns dos temas a estudar durante os catro días de curso.

Para iso, a Escola de Verán de Nova Escola Galega, entidade presidida dende hai máis de dous anos polo profesor e director do



Asistentes á edición do 2005 celebrada en Narón e que versou sobre a educación artística

ESTEVO BARRIOS

## PARTICIPACIÓN

A actividade contará coa intervención de expertos no tema e representantes das institucións públicas

CEIP Manuel Masdías de Caranza, Xosé Lastra, contará, entre outros convidados, co profesor de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago de Compostela e secretario do Consello da Cultura Galega Henrique Monteagudo; os tamén docentes de universidade Alba Nogueira e Anxo Lorenzo; a integrante da Comisión de Seguimen-

to e Impulso do Plan Xeral de Normalización Lingüística de Galicia, Goretti Sanmartín, ou representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, das Consellerías de Educación e de Cultura así como o vicepresidente da Xunta de Galicia, Anxo Quintana, que intervirán nunha mesa redonda sobre a "Actualidade e futuro da normalización lingüística dende a perspectiva da administración".

O asesor do Centro de Formación e Recursos de Ferrol, Xoán Carlos Albarellos ou o coordinador do centro de interpretación de xogos tradicionais Brinquedos da Capela, Xabier López García, serán outros dos protagonistas desta edición, na que profesores do

Manuel Masdías de Caranza e o IES Melide chegarán as súas iniciativas educativas no eido da normalización lingüística.

**Visitas** > Xunto ás conferencias, o programa da sétima edición da Escola de Verán tamén inclúe dúas visitas, unha á exposición Golfinho e outra ao museo etnográfico da Capela, e outras tantas actuacións musicais. Neste caso, trátase do grupo de jazz Sumrá, que terá lugar o xoves ás dez da noite, e a banda de folk Pradairo, que sairá a escena o venres ás nove.

Algunhas das actividades, como por exemplo a mesa redonda con representantes da administración, será de entrada libre.

## ■ APUNTES

### DESTINATARIOS

#### Profesores de ensino non universitario

■ A Escola de Verán de Ferrolterra de Nova Escola Galega está dirixida ao profesorado de ensino non universitario e a estudantes. O número de prazas, un máximo de 50, será cuberto por rigurosa orde de inscrición.

### INSCRICIÓN

#### Socios, parados e estudantes, 15 euros

■ As persoas interesadas en matricularse no curso terán que achegar o boletín de inscrición –a disposición na páxina web da NEG– xunto co xustificante de pagamento á sede de Nova Escola Galega. O prezo será de 30 euros para a matrícula ordinaria e de 15 para socios, parados e estudantes.

### RECOÑECIMENTO

#### Homologación da Consellería e da UDC

■ Ademais da homologación por parte de Consellería de Educación das 20 horas de formación –aínda en trámite– das que consta o curso, os estudantes da Universidade da Coruña obterán un crédito de libre configuración.

### INTERNET

#### Toda a información na páxina web

■ Toda a información sobre esta edición da Escola de Verán está recollida na páxina web da entidade, na dirección [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org). Tamén hai datos sobre a última edición.